Revista GaLEGa de filoloxía
monografía 13

Estudos sobre gramatica e sociolingüística galego-portuguesas

Xosé Manuel Sánchez Rei (editor)

Actitudes e aptitudes en relación á lingua galega do profesorado novo do ensino secundario: contributos desde unha experiencia no mestrado profesionalizante (2013-2021)

Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes
Grupo ILLA
Universidade da Coruña

Para que a aposta no galego sexa seria e eficaz,
este deberá ser a lingua normal do ensino en todos os niveis educativos,
sen excluír un espazo para o castelán, o inglés ou outras linguas

(Xosé Ramón Freixeiro Mato)

Resumo:

Neste traballo preséntanse algúns subsidios á volta da relación coa lingua galega das persoas que aspiraban a se incorporar á docencia no ensino secundario entre os anos 2013 e 2021 derivados da práctica docente da materia Educación e linguas en Galicia do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da UDC. A información derivada da análise cualitativa dos grupos de discusión realizados permite concluír que, aínda que neste colectivo está fortemente instalado un modelo educativo de bilingüismo subtractivo en que non é reprobada a desobediencia ás leis relativas á presenza do galego no ensino, existe unha disposición favorábel global a participar nunha planificación lingüística que aspire a que a totalidade do alumnado de secundaria conclúa a etapa con competencias avanzadas reais en lingua galega.

Palabras chave:

Lingua galega; profesorado; educación secundaria; competencia lingüística; actitudes, planificación lingüística.

Attitudes and aptitudes in relation to the Galician language of young secondary school teachers: contributions out of an experience in the professionalizing master's degree (2013-2021)

Abstract:

This paper presents some data on the relationship with the Galician language of people who aspired to join teaching in secondary education between 2013 and 2021. This information is derived from the teaching practice of the subject Education and languages in Galicia of the

Master's Degree in Compulsory Secondary Education, A Levels, Vocational Training and Language Teaching at the UDC. The results of the qualitative analysis of the focus groups allows us to conclude that, although an educational model of subtractive bilingualism – by which disobedience to the laws regarding the presence of Galician in education is not reproved– is strongly installed in this group, there is a favourable attitude towards participating in linguistic planning which ensures that all students of secondary education conclude this stage with actually advanced proficiency in Galician language.

Key words:

Galician language; teachers; secondary education; language proficiency; attitudes, language planning.

O contexto

Na Universidade da Coruña, a materia Educación e linguas en Galicia está integrada no módulo xenérico do mestrado profesionalizante que se exixe no Estado para poder ser docente de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

O feito de esta titulación ter un número elevado de itinerarios de especialización e, non obstante, a materia estar incluída no módulo común a todos eles está a recoñecer desde o inicio o protagonismo de todas as persoas que traballan nos centros de ensino na transmisión das linguas do currículo, por máis que o grao de responsabilidade do profesorado de idiomas non sexa o mesmo que o do resto. Conscientes de que todos os intercambios comunicativos que se producen no centro educativo son oportunidades para a aprendizaxe de linguas –e tamén, certamente, para a transmisión de valores asociados a elas– e das vantaxes dos contextos inmersivos na adquisición de idiomas, faise obvio que a planificación lingüística dos colexios e institutos non pode circunscribirse ás horas de docencia dedicadas ás linguas –por moito que sexa o tempo en que se concentra o esforzo e se realiza unha reflexión máis demorada. Así sendo, cada unha das profesoras e dos profesores vai ter un papel no proceso de ensino-aprendizaxe dos idiomas, mesmo que non sexa consciente ou que non mostre ningunha disposición a participar activamente nesta planificación. E esta é a primeira reflexión que se suscita na materia que nos ocupa.

Os grupos de discusión

Os grupos de discusión non foron deseñados coa intención de realizarmos unha prospección cualitativa, mais como un espazo maiéutico para a reflexión e a partilla de experiencias e de observacións que permitan ao alumnado contrastar coas outras persoas do grupo e coas ideas asimiladas nas lecturas preparatorias a súa percepción dos procesos de ensino-aprendizaxe de linguas –con especial atención á situación sociolingüística galega e ao vivido no seu percurso discente, formal ou informal.

Trátase de discusións asíncronas en que o alumnado non pode limitarse a expresar opinións ou a relatar anécdotas, xa que unhas e outras deben ser sempre contextualizadas e autoavaliadas en termos que permitan o confronto con outros puntos de vista e con vivencias diferentes. Por esta razón, as intervencións adoitan ter unha extensión superior ás vinte liñas. Estas discusións versan sobre a preocupación pola situación de ameaza que, segundo algúns políticos e medios de comunicación, vive o castelán na Galiza, a primeira delas, e os prexuízos asociados á lingua galega, a segunda. En varios dos fíos de conversa deste último foro pídese que valoren o preconcepto alí enunciado en función da súa experiencia e é aí onde se concentran as intervencións con información relevante para a nosa análise. Ora, o elevado número

de participantes propicia que aparezan datos significativos en calquera das liñas de discusión.

A intervención do profesor limítase á formulación das preguntas e para participar é preciso estabelecer algún grao de interacción co introducido na discusión por outras persoas. Sempre que respectuosas, todas as opinións son válidas e é o propio grupo o que autorregula o desenvolvemento da actividade. Relativamente á avaliación deste exercicio, cada intervención que cumpra as condicións que vimos de describir representa 0,5 puntos, até un total de 3 sobre 10 posíbeis na cualificación final. Para alén de patentear a súa competencia escrita en idioma galego, nestas conversas asíncronas cada estudante ten a oportunidade de achegar información e valoracións sobre a aptitude real con que se conclúe o bacharelato, a comezar por el/ela propio/a.

As persoas participantes

Estamos a falar dun universo potencial de participantes de 1346 persoas matriculadas nos oitos cursos referidos, das cales 1285 tomaron, de facto, parte nas discusións. A idade media sitúase en 23,8 anos e a moda en 23 –considerando para este último cálculo números enteiros. Porén, en todos os cursos houbo algunha persoa matriculada con máis de cincuenta anos. Por outro lado, máis do 90% carecía de estudos de mestrado no momento da súa matriculación e o número de persoas con dous graos en ningún curso foi superior ao 5%. Relativamente ao sexo, un 56,2% do total de participantes eran mulleres, aínda que esa porcentaxe mudaba de maneira significativa entre especialidades, que estaban agrupadas nun número limitado de itinerarios, mais o abano de titulacións era moitísimo máis extenso até superar as tres decenas –estando representadas as catro ramas de coñecemento.

A procedencia era igualmente diversa. Por cima das tres cuartas partes do alumnado tiña unha titulación dunha universidade galega e outro vinte por cento procedía doutras comunidades autónomas. As persoas que viñan de fóra do sistema universitario español nunca superaron o 1,5% do total, coa excepción dun curso en que coincidiron catro estudantes nun grupo de 178. No que atinxe a distribución xeográfica do estudantado galego, a maioría proviña da provincia da Coruña. Aínda que estaba representado todo o territorio, o número de estudantes era menor canto máis ao sueste da comunidade se localizaba a súa procedencia. A distribución por tamaño de núcleo de poboación foi máis difícil de estabelecer; porén, en correlación coa disposición xeral dos habitantes, percibíase a preponderancia das persoas que moraban en vilas ou cidades.

A porcentaxe exacta do alumnado que obtivo o título de Bacharelato na Galiza é igualmente complicada de calcular, mais dedúcese das intervencións nas discusións que en ningún curso foi menor do 85% e entre as que estudaran ese nivel fóra da

comunidade autónoma era minoritaria a vontade de se presentar ás oposicións galegas. Até un 63% das persoas matriculadas declaraban inicialmente falar satisfactoriamente tres ou máis idiomas e, entre un 4% e un 9% –segundo o curso– dicían ser competentes en catro linguas. En dúas edicións houbo unha persoa que dixo expresarse oralmente en cinco e ningunha delas era de orixe española.

A pesar de que o o mestrado é de modalidade presencial, en cada curso houbo bastantes persoas que o compatibilizaban cun traballo remunerado –en ocasións vinculado ao ensino. No entanto, ningunha tiña experiencia previa na docencia formal en secundaria ou bacharelato por non dispor aínda do mestrado profesionalizante.

O rexistro dos datos

A participación escrita nas discusións dirixidas asíncronas está arquivada xunto coa data e co nome da persoa participante. Todas as conversas están almacenadas no espazo dedicado á materia no campus virtual da UDC con indicación do curso académico concreto e están accesíbeis para o docente e para as persoas da turma através da introdución das chaves de acceso aos servizos da universidade. Tamén poden ser descarregadas, mais a súa difusión está condicionada pola protección dos datos a elas asociados.

O procesado da información

As actitudes e aptitudes propias non están inicialmente no foco das discusións dirixidas. Consecuentemente, a maneira particular en que cada persoa chega a estes asuntos é susceptíbel de ser analizada e, por tanto, tamén pode revelar información significativa.

A segmentación dos discursos recollidos foi realizada en función da presenza dos seguintes nodos temáticos: (i) o que penso sobre a miña competencia lingüística en galego; (ii) que valor concedo a este idioma e á súa aprendizaxe; (iii) como foi o proceso de aprendizaxe formal de linguas que vivín, e (iv) nas especialidades non lingüísticas, cal entendía que debía ser a miña participación na planificación lingüística do centro antes das lecturas especializadas e das exposicións do docente sobre o tema. A propia natureza das discusións –un espazo para a reflexión e a aprendizaxe colaborativa– determinou que non se estabelecese previamente un marco de categorías fechado e estas foron construíndose a medida que avanzaba o discurso.

Na análise cualitativa posterior atendéronse as afirmacións individuais iniciais e a progresiva construción do discurso grupal, de modo a identificar as resistencias á aceptación desa noción agregada e as modulacións dos pareceres particulares ex-

presados nun principio para os aproximar ao discurso consensuado e considerado contextualmente correcto. E para alén do expresado nas intervencións escritas, procurouse descifrar o latente, as ideas que condicionaban o discurso.

Resultados relativos á competencia e á súa adquisición

Os problemas individuais de competencia en lingua galega costumaban comparecer nos prolegómenos da sesión inicial e eran comunmente presentados como unha atenuante que debería ser tida en conta no nivel de exixencia do docente e na consecuente avaliación. Este comportamento está fortemente interiorizado e, de partida, non se cuestiona a súa validez. Coa intención de evitar a pequena avalancha de comentarios deste teor no primeiro día de cada grupo, a partir do curso 2017-2018 foi colocada no cabezallo do espazo da materia no campus virtual unha ligazón ao artigo de 2016 "¿En castellano también vale?", publicado por Laureano Araujo en Praza.gal. A estratexia funcionou: xa non se produciron eses anuncios nin se asumiu automaticamente a exoneración. Até ese momento entre un 9% e un 13% das intervencións escritas estaban en castelán, segundo o curso. Desde entón, as únicas persoas que non usaron o galego foron as que proviñan de fóra da comunidade autónoma –e nin todas elas.

A análise das intervencións nas discusións dirixidas devolveu a seguinte información sobre a competencia en lingua galega e o marco da súa adquisición:

A1. Son maioría as persoas que non teñen maiores galegofalantes na familia. A porcentaxe, aliás, medra cada curso.

A2. A expresión escrita no idioma propio da Galiza resulta allea só para as persoas chegadas recentemente desde outros territorios. O resto ten os rudimentos básicos para se desenvolver neste contexto. Con todo, nos oito curso houbo estudantes que expresaron as súas dificultades e falta de fluidez na hora de se expresaren en galego: "Dende pequena vivo en Galicia, pero toda a miña vida falei o castelán, é máis, cústame falar ou mesmo escribir en galego". En moitos casos, confírmase o incumprimento do imperativo da Lei de Normalización Lingüística relativo á igualdade final de competencias no ensino secundario (art. 14 da Lei 3/1983): "[D]ebido ás características lingüísticas do ensino que recibín nas etapas de educación primaria e secundaria, teño constancia de que o meu dominio do galego non é coma o que teño do castelán".

A3. Independentemente da habilidade específica para o conseguir, en todas as intervencións percíbese unha clara vontade de empregar o padrón estandarizado. Son mínimas as ocorrencias de formas dialectais –"Úa riqueza cultural que se perde no camín da lingua estándar"; "quería dicir que atopin outro comentario sobre o

Decreto 103/2008"…–, mesmo de variantes recoñecidas na norma supradialectal como 'irmao'.

A4. Entre todo o alumnado dos oito cursos houbo dúas persoas que empregaron unha norma escrita reintegrada nas súas intervencións. Outras once mostraron a súa preferencia por un estándar próximo das variedades internacionais aínda que non o empregasen nas discusións.

A5. Por volta do 80% recoñécese castelán-falante habitual. Destas persoas, antes de iniciado o mestrado moi poucas consideraran a hipótese de dar a súa materia en galego de non estaren premidas pola lei. Eis un caso típico en que –aquí si que de maneira excepcional– se persevera no desapego inicial: "[N]unca he sido gallego hablante, y considero un poco hipócrita dar mis clases en gallego […]. La verdad que no me siento cómodo con este conflicto, no creo que tenga que ser yo el que se pelee por que el día de mañana mis alumnos hablen el gallego".

A6. En función do curso concreto, entre un 12% e un 18% considéranse falantes nativos de galego –por outras palabras, teñen este idioma como L1. Ora, non todas as persoas deste colectivo socializan habitualmente na súa lingua inicial: "[C]rieime nunha familia na que se falaba galego […] Isto cambiou o chegar ao colexio e atoparme con que todos os meus compañeiros falaban castelán, polo que progresivamente comecei a falar eu tamén castelán en todos os contextos excepto o familiar".

A7. Foron localizados dezasete exemplos de atrición lingüística –estudantes que entraron no ensino formal falando habitualmente galego e cando concluíron o bacharelato non tiñan unha competencia fluída. Con frecuencia explican que o factor desgaleguizador do ensino estivo acompañado de mudanzas de idioma no seo familiar por éxodo ás cidades ou como resposta á vontade de ascender socialmente. En moitos casos, o proceso de mingua competencial está reforzado pola desvalorización da variedade propia en favor dun estándar entendido en termos censores empobrecedores: "[O]s que falamos galego 'non normalizado' se nos desprecia, e nos din que non é correcto. Teño comentado con profesores expresións da miña zona e algún tenme dito que non podían ser expresións galegas porque el nunca as escoitara".

Neste sentido, describen que o estándar é usado como unha ferramenta contra as formas vivas da lingua e non como unha variedade máis. Actívase así a represión de trazos dialectais e, a nivel fonético, proscríbense realizacións históricas –en contraste coa permisividade xeral mostrada coa fonética castelanizante. Con algunhas excepcións notábeis dignas de mención –como o traballo de Valentina Formoso no IES Félix Muriel de Rianxo– o seseo é desconsiderado e posto sempre en relación co fenómeno da gheada. Nalgunha ocasión, coméntase que a escolarización representou un corte no proceso de adquisición do galego como lingua inicial:

> En mi caso nací en Argentina, por lo tanto mis padres son argentinos, al igual que toda mi familia. Llegue a Galicia a los 8 meses, a Monforte de Lemos concretamente y viví allí durante los primeros años de mi vida escuchando gallego en la escuela y el español (Argentino) de mi casa con mis padres. Posteriormente nos trasladamos a Lugo donde en el ámbito escolar cambié mi idioma al español mayoritariamente por lo tanto cesó el aprendizaje como L1 que estaba adquiriendo.

A8. Cincuenta e dúas persoas inicialmente monolingües en castelán confesaron ter incorporado unha oralidade frecuente en galego, polo que se recoñecían neofalantes. Delas, unicamente seis mudaron definitivamente de idioma para viraren monolingües en galego. Tamén se relatan experiencias frustradas: "recordo moi ben que un día en secundaria intentei falar en galego durante unha mañá enteira (mirade se é pouco) e non sentín o apoio de ninguén".

A9. Unha porcentaxe superior ao 93% do alumnado dos cursos en foco cometeron máis de tres erros de ortografía nas súas participacións. Na proba final da materia –realizada á marxe dos grupos de discusión– a porcentaxe foi superior ao 95%.

A10. En especialidades non lingüísticas, as persoas que non empregan solucións gráficas, léxicas e morfosintácticas consistentes son maioría. Así, son frecuentes os exemplos en que nun mesmo período conflúen criterios diverxentes –"sin pensalas consecuencias de empregar o castelán". Tamén no que atinxe á acentuación.

A11. A variedade escrita formal das graduadas na especialidade de lingua e literatura galega na USC e a das tituladas na UDC non é totalmente coincidente. Entre as primeiras circula un rexistro máis próximo da oralidade popular, ao paso que as segundas mostran unha maior permeabilidade ás variantes internacionais da lingua e a solucións cultas ausentes da lingua familiar. Isto faise moi notorio nos conectores.

A12. O uso do infinitivo persoal está restrinxido ao estudantado matriculado nos itinerarios de linguas e literaturas, nomeadamente no de galego e castelán. Os escasos exemplos localizados nas intervencións do estudantado das outras especialidades adoitan presentar erros na persoa gramatical, pois é empregada esmagadoramente a P2. Tamén son frecuentes os usos de "a pesares de".

A13. Unicamente catro alumnas que non tiñan o galego como L1 comentaron que o centro de ensino lles servira como espazo para unha inmersión real na lingua galega. Porén, hai moitas persoas que recoñeceron que estaban a comprobar no mestrado que o que pensaban que tiña sido unha atmosfera propicia ao bilingüismo galego-castelán non fora tal: a mudanza producíase cando comparaban o ambiente do seu centro en relación co idioma da Galiza co que se agardarían dun contexto inmersivo en lingua inglesa, por exemplo, algo que non tiñan feito nunca por non teren interio-

rizado unha necesidade equivalente entre ambos os idiomas. Abundan os comentarios que salientan que a competencia oral activa non era prioritaria: "A miña L1 é o castelán, mais mentres durou a miña educación académica cultivei o uso do galego tanto na lectura como na escrita, e en menor medida na fala".

A14. En relación coa competencia oral, varias intervencións sinalan a distancia entre as estratexias docentes empregadas en inglés e en galego: antes ou despois, na primeira das materias contemplábanse –e avaliábanse– as habilidades orais, mais en galego non había nunca o equivalente a un *speaking*. "Nos avaliaban polas palabras que empregabamos, non polo xeito en que as pronunciabamos". Neste sentido, entre o alumnado que non ten o galego como L1 é moi habitual recoñecer a incapacidade para a diferenciación articulatoria de vogais medias abertas e fechadas: "Poucos son os que falan e escriben (ou falamos e escribimos) ben o galego […] pois moitos son os rasgos que demostran as interferencias do castelán, desde a fonoloxía (incapacidade de diferenciar vogais abertas e pechadas) ata os tempos compostos". Porén, isto non adoita xerar preocupación ningunha. Neste sentido, ninguén lembrou que fose traballada esa habilidade nas sesións de aula.

A15. Máis repetidos aínda son os comentarios que apuntan para unha docencia en español das materias recollidas no Decreto 79/2010 –e na planificación lingüística do centro– na relación das que deben ser vehiculizadas en galego: "Moitas das materias que se deberían dar en galego, e que aparece así recollido no PLC, danse en castelán porque os profesores non saben ou non queren falar galego nas aulas". Algunha persoa recoñécese agraviada: "sinto que son unha 'víctima' dese sistema que permitiu que os meus docentes impartiran clases en castelán con libros de texto en galego, xerando certas carencias lingüísticas no seu alunado e tamén unha falta de amor pola nosa cultura". O desleixo en relación á lingua da Galiza comparece en moitas intervencións:

> [N]a escola, todas as profesoras que tiven dende os 6 ata os 12 anos, falaron sempre castelán. Unha destas profesoras non era galega e daba unhas clases bastante malas de galego en terceiro de primaria. Só un profesor utilizaba o galego na aula (a parte dos profesores de Lingua Galega, claro está), e dábanos Matemáticas e Lingua Galega. Tamén recordo que o profesor de Educación Física impartiunos as clases de Coñecemento do Medio, asignatura que se debía impartir en galego, pero ao profesor non se lle daba nada ben. Así que, o libro estaba en galego, pero el falaba castelán.

A16. Neste sentido, as referencias a un ensino en castelán de materias co libro en galego son unha constante curso tras curso: "Recordo as clases na escola (para fillos e fillas de militares), que os libros viñan en galego pero nin un só mestre o falaba, nin un. Logo no instituto, outro tanto do mesmo e para preparar selectividade dábannos materiais única e exclusivamente en castelán". O incumprimento da lei en materia

lingüística preséntase como algo habitual: "[E]n moitas asignaturas deusenos a opción de ter o libro (por exemplo de historia ou sociais) na lingua que quixésemos. O profesor daba as súas clases na lingua na que el se sentía máis cómodo". Os testemuños neste sentido son abundantísimos nos oito cursos analizados: "[N]a escola os profesores dictaban os apuntes traducindo o castelán aqueles libros que estaban en galego, supoño que porque eles tampouco estaban acostumados a falalo e non querían facer o esforzo por nós".

A17. Nalgúns casos, a intervención docente deriva dun autoodio (Freixeiro Mato, 2014) fortemente interiorizado que se transmite ao alumnado de maneira propositada:

> Mais recordo a miña clase de primeiro de bacharelato cando o profesor de relixión chegou a clase cunha folliña que logo repartiu a todos os membros da clase… ¿E que era aquela folliña? Pois nada mais e nada menos que uns "truquiños" para non falares con acento galego… Eu non falo galego a cotío mais naquel intre sentín que aquel home quería romper algo que me pertencía e os meus compañeiros sentíronse igual… Podédesvos imaxinar… berros e discusións enchían a aula xa que aquel home quería facernos entrar polo aro e convencernos de que co noso acento xamais atopariamos traballo fora de Galiza…

Tamén se mencionan este tipo de comportamentos no ámbito universitario:

> Na miña presentación do TFG, unha persoa do tribunal comentoume, de maneira recurrente e poñendo especial énfase niso, que na miña exposición oral impregnaba o idioma castelán do meu acento galego e de gran número de galeguismos. Referíase a ausencia de termos compostos ou contruccións de orixe na nosa lingua, non propiamente a termos léxicos nin incorrección fonéticas […]. Son este tipo de comentarios os que realmente xeran os comportamentos cheos de prexuizos que temos no día a día.

A18. Segundo varios comentarios, o uso normalizado da lingua do país nas universidades galegas non sempre é posíbel:

> […] teño que explicarvos que no seu día quixen presentar o meu Proxecto Fin de Carreira en galego e atopeime con máis impedimentos que axudas.
>
> Para comezar, o feito de presentar o PFC en galego supoñía que algún membro do tribunal "non o entendese", e así mo fixeron saber dende a secretaría do centro.
>
> Segundo... recoñezo que o mundo da construcción está escasamente documentado en lingua galega e, por tanto, para poder presentar o meu PFC en galego, case case tiña que facer unha tese sobre a nomenclatura e os termos galegos na construcción, ou dispoñer de algún licenciado en filoloxía galega as 24 horas do día ao meu carón.

Até pode darse o caso dun percurso universitario completo practicamente sen contacto co galego: "[N]a UDC […] dunha clase de sesenta só dúas persoas seguíamos empregando o galego como lingua vehicular das clases para dirixirse aos profesores. E, logo de cursar 66 materias, recordo que só un profesor impartiu integramente a súa en galego".

A19. A medida que o grupo de discusión vai construíndo un discurso maioritariamente asumido, comparece a decepción coa formación recibida: "O sistema educativo non funciona. Este debería de ser máis forte para compensar o déficit de interese social polo idioma e inculcar aos nenos os beneficios de coidar a nosa lingua". Así, cando reflexionan á volta do prexuízo que afirma que nos centros de ensino está a se impor o galego e isto provoca que o estudantado teña problemas para falar e escribir ben en español, confesan, en sentido contrario, as súas dificultades de expresión no idioma da Galiza: "Eu como castelán falante […] pásame todo o contrario do que di o titulo da pregunta, e realmente si que se perde esa facilidade a hora de falar e de escribir, como ben podedes apreciar, e no fondo e unha cousa perxudicial para min". A este respecto, a incorporación en secundaria do alumnado sen competencia lingüística en galego non é sempre ben xestionada:

> Era primeiro da ESO, unha nova alumna procedente de Sevilla incorpórase ao instituto. Na primeira clase de "Lingua galega e literatura" déixasenos claro que só se pode falar en galego, doutro xeito, seriamos penalizados e repercutiría na nota final. Cada vez que a rapaza falaba en castelá conseguía un "negativo", por iso de que as normas son para todos por igual. Resultado: A partir do quinto "negativo" deixou de intervir na clase, se non entendía algo ou tiña algunha dúbida, non preguntaba.

Relativamente á exención, en moitos casos é aplicada como unha falsa solución que adía o problema e evidencia a falta dunha intervención planificada. Mais tamén hai testemuños en sentido contrario: "Eu non son de aquí. Cheguei no ano 1987 e non estiven endexamais exenta de galego".

A20. Todo indica que aínda está moi estendida entre o profesorado a percepción de que a aprendizaxe do galego pode supor unha ameaza para o castelán. Eis un testemuño revelador:

> [E]u tamén son estranxeiro e cheguei a Galicia no ano 2006 procedente de Portugal, sendo o portugués a minha L1. A raíz da miña familia é galega pero castelán-falante e polo tanto son tamén bilingüe en castelán pero a pesar disto nunca me ensinaron o galego. Posteriormente estudei nun colexio concertado onde a actitude predominante nos profesores e no resto de pais era que o galego se impuña, amosando o medo a que se lle quitara espazo á súa lingua materna e reflexando non ter nin a máis mínima preocupación pola situación dun sector minoritario, que non pequeno, de familias e alunos galego-falantes.

> O galego impartíase nas clases porque así o dictaba a lei pero lonxe de ser visto coma un motor de cara a promover unha igualdade de oportunidades comunicativas coa xente galego-falante, este era visto como unha ameaza para o grupo dominante.

Así sendo, as actitudes deste profesorado van ser fortemente reticentes ás atmosferas de inmersión en lingua galega e favorecerán a persistencia de prexuízos lingüísticos no seu alumnado.

Resultados relativos ás actitudes

Entre as 1285 persoas que participaron nos grupos de discusión, unicamente tres se mostraron abertamente hostís á planificación nos centros galegos de ensino en favor dun bilingüismo aditivo real que teña como obxectivo unha competencia avanzada equivalente do alumnado nos dous idiomas oficiais.

A primeira delas confesábase partidaria das teses de Galicia Bilingüe e boicoteaba sistematicamente as sesións maxistrais, os diálogos sobre as lecturas preparatorias e as exposicións orais dos estudos de caso realizados en grupos reducidos. A turma acabou tan farta das súas interrupcións que deu en segregala e non permitir as súas provocacións.

O segundo estudante en mostrar unha actitude belixerante face á protección do galego deixou constancia nos grupos de discusión da súa indiferenza en relación á sorte da lingua da Galiza: "[L]os idiomas son lo que son: herramientas que me han servido y sirven para comunicarme. Si alguno desapareciese de un día para otro, pues como si pierdo un tenedor. ¿Qué se le va a hacer?". Ora, non se trataba apenas de desapego: as súas intervencións de auténtico *troll* desprezaban os designios normalizadores do galego, que sempre puña en relación co nacionalismo ou directamente coa xenofobia: "El nacionalismo es una enfermedad infantil. Es el sarampión de la humanidad", "El racismo se cura viajando", ou ben "La diversidad es buena. ¿Es el racismo bueno? ¿Es el machismo bueno?".

O último alumno en combater activamente a incorporación normalizada do galego no ensino, aínda que de orixe galega, cursara estudos universitarios noutra universidade española –aliás, monolingüe. Como o anterior, a súa participación limitábase ás intervencións escritas, de grande extensión e cun ton de suficiencia e superioridade intelectual. De novo, no seu discurso comparecen os tópicos do nacionalismo español vinculando a promoción da lingua galega con ideas que nunca foran argumentadas nas sesións desta materia:

> Esa visión del estado español como opresor y el castellano como lengua extranjera es una manipulación de la Historia con la que se fomentan prejuicios negativos y resentimiento en la población gallega a partir de unas tesis románticas, nacionalistas e identitarias. La finalidad es desacreditar al castellano convirtiéndolo en una especie de lengua de ocupación, impropia y ajena a la verdadera esencia de Galicia, que es el gallego. Una ficción reaccionaria, todo hay que decirlo, sustentada en una mitología romántica donde la lengua gallega aparece como la cristalización de la verdadera identidad de los gallegos.

Neste caso, os seus comentarios si tiveron unha resposta igualmente longa e razoada por parte dunha compañeira. No entanto, o grupo advertiu rapidamente a imposibilidade de estabelecer con el un diálogo real e deixárono á marxe das súas conversas.

Para alén destas tres persoas, houbo aínda outras dúas que, dunha maneira menos activa e pretensiosa, expresaron resistencias importantes aos obxectivos da materia. Unha delas incorporouse á primeira sesión, cando esta xa estaba iniciada, exclamando "Yo soy de Madrid y no me vengáis con gallegadas". A outra apoiou os seus argumentos en prexuízos como a imposición ou a falta de utilidade da lingua galega. Fóra destes contados exemplos, o groso do alumnado participante mostrou a súa disposición a reflexionar en grupo sobre as actitudes lingüísticas negativas e as bondades dunha planificación lingüística eficaz en favor do bilingüismo aditivo no ámbito educativo galego.

No primeiros minutos da sesión presencial inicial, a linguaxe corporal de moitas e moitos apuntaba curso após curso para certo grao de resistencia ou de temor a recibiren algún tipo de estigmatización nunha cadeira do mestrado que identificaban como 'de galego'. A introdución aos contidos e a presentación das claves para a realización dos exercicios focou sempre a necesidade de xestionarmos a diversidade como auténtica riqueza e de planificar de maneira realista tendo en conta a situación efectiva e os recursos concretos de que se dispón, incluídas as especificidades lingüísticas de cada quen. Para iso, facíase imprescindíbel saírmos das trincheiras en que o conflito lingüístico adoita colocarnos e comezarmos a pensar no bilingüismo como un factor de cohesión social en lugar dun argumento para o enfrontamento. Unha vez asumido o compromiso de que nada do que alí se dixese ía estar dirixido contra ninguén, o grupo relaxábase e abríase a analizar experiencias e a propor estratexias.

Esta secuencia veu demostrar dúas cousas. A primeira, que hai un marco social moi propicio á confrontación da poboación falante de castelán coa que pretende estender os usos sociais do galego, marco que fai que se estabelezan rapidamente dous colectivos en colisión. A segunda constatación é que no momento en que non

hai ningún tipo de reprobación inicial por falar español ou por ter unha competencia limitada en lingua galega e comproban que non se lles vai demandar ningún comportamento heroico –mais si que saian da súa zona de confort lingüístico–, o groso das persoas participantes mostraron a súa disposición favorábel a incorporar a planificación lingüística á súa práctica docente e –coa excepción dos casos sinalamos acima– non se produciron resistencias activas e si houbo unha vontade de escrutaren os automatismos interiorizados acriticamente en contra da circulación normalizada da lingua da Galiza.

Nese proceso, só en tres casos (0,24%) se recoñeceu que non se tiña intención de facer ningún esforzo planificador. O resto das intervencións evidencian un grao suficiente de permeabilidade ás estratexias normalizadoras do galego no ensino secundario. En moitos casos, aliás, a/o estudante tivo a valentía de verbalizar os seus preconceptos:

> Durante moitos anos estiven de acordo coa primeira parte da afirmación, xa que sentía que se me estaba impor o galego como lingua en secundaria, e creía realmente que estudar en galego dificultábame moito a comprensión.
>
> Ista opinión seguramente estaba moi influenciada polos prexuízos que xunto co meu grupo de iguais tiñamos hacia o galego e, en parte, seguramente tamén polos docentes que daban as clases en galego que me facían ter a sensación de que non era unha opción falar galego senón unha obligación.

Recóllense a seguir as principais inferencias relativas ás actitudes que se derivan da análise dos grupos de discusión:

B1. Entre as persoas que teñen o galego como L1 e non son graduadas en Lingua Galega é común certa resistencia ao que denominan 'galego normativo'. A resistencia aumenta en relación á súa dimensión oral:

> Un mecanico non fala asi, un labrego non fala asi, un panadeiro non fala asi. E mais, na experiencia teño notado que xera rechazo; non se che ocurra utilizalo para falar con un mariñeiro da costa da morte; automaticamente vaite a desbotar como interlocutor valido. Por exemplo na costa morte utilizase a "jeada" o "seseo" ou varidades moi especificas como ocorre no pobo de Corme; para esta xente a maneria sua de falar e a da toda a vida, como falaron seus pais, seus avos... e a sua lingua; para eles o galego normativo non deixa de ser unha imposicion mais similar o castelan, unha lingua allea. Seguramente a xente maior nin a entende e moito menos a usa nin a vai a usar nunca.

Neste sentido, é habitual que se poña en relación o padrón cunha estandarización fonética desnaturalizadora –"Dende o meu punto de vista o problema está en utilizar un estándar oral da lingua ríxido, porque isto leva á uniformidade fonética e á perda

de riqueza lingüística"– e que, en consecuencia, se reivindique unha variedade oral afastada da que se presenta como modelo: "Penso que o verdadeiro galego é o que se fala nas rúas, nos pobos […] e non nesa lingua normalizada na cal non existe ningún tipo de identificación, falamos nun galego pasivo a nivel sonoro que non ten a esencia da variedade fonética que temos en Galicia".

Como o resto do grupo, relacionan directamente o estándar coa Televisión de Galicia –"é importante que exista un galego normativo para utilizalo nas formas máis formais como nas administracións ou na RTVG"–, mais sinalan que, independentemente das interferencias léxicas ou morfosintácticas, hai unha fronteira fonética moi marcada entre as persoas que traballan no medio –a quen consideran neofalantes e, en moitos casos, falantes oportunistas que descabalgan do galego no momento en que se apagan as cámaras– e as nativas de que se recolle testemuño oral. A fala das primeiras –o "galego de laboratorio"– percíbese prestixiada e desnaturalizada; a das segundas, orgánica e desprestixiada. Así o explica unha alumna: "Isto recórdame os reporteiros da televisión de Galiza e como o escoitalos en lugar de pensar que a persoa que está falando é galego son capaz de imaxinarme unha máquina que lee o que está escrito nunha pantalliña".

B2. As/os estudantes galegofalantes expoñen abondosos exemplos de reforzo do autoodio histórico derivados da percepción desa oposición entre normativo e patrimonial. Eis un deles:

> Miña nai, que ten 70 anos e é galegofalante de toda a vida, a día de hoxe asegura que "non sabe falar o galego". Cando me dixo esto por primeira vez eu quedei abraiado, "pero mamá, como non vas saber galego se ti só falas en galego?" e ela "non, non sei falar o galego porque non o falo ben como os periodistas da Galega". Vale, en que momento chegamos ao punto de que haxa persoas na Galiza que pensen de si mesmas que non saben falar o galego cando realmente son galegofalantes? Isto lévame a pensar no dano que fixo na nosa historia o franquismo, xa que non é só que houbese a prohibición de falar o galego, senón que tamén se encargaron de baixar a autoestima de toda a poboación, xerando autorexeitamento contra a cultura propia. Creo que esta mentalidade perdura tras a Lei de Normalización Lingüística de 1983, e algunhas persoas galegofalantes hoxe en día non se identifican a si mesmas como tal por unha sensación constante de non "cumprir a norma" ou de nunca chegar a "falar ben".

Con frecuencia, tamén relatan como a escolarización no padrón fixo con que interiorizasen "certos prexuízos e sentimento de inferioridade en asuntos como o acento", en expresión dun deles. Así, cando afirman que "Cada persoa debería falar a sua lingua tal e como lle foi transmitida polo seu entorno, sen medo do que dirán", están a admitir implicitamente que existe esa prevención a exteriorizalo.

Cando se leva ao extremo, esta circunstancia conduce ao abandono da lingua galega durante o proceso de socialización que ten lugar na etapa de ensino secundario obrigatorio.

> Por outro lado, eu só falo galego ca miña familia e sen embargo cós meus amigos falo en castelá. Isto é debido, a que cando era máis pequeno e iba o colexio (centro da cidade), os nenos tenden a mofarse de ti por falar galego e non castelá (como pasaba no video que vimos na clase, onde a xente tende a dicir que falar galego é ser de monte). Agora, ainda que non me preocupa falar galego coa xente que non é a miña familia, xa non son capaz de manter unha conversa en galego con xente axena a ela (familia), xa que me sinto máis cómodo falando castelá.

Aliás, a posta en relación desta oralidade co estándar afasta o colectivo galegofalante da variedade supradialectal coidada.

B3. Este subconxunto presenta as mesmas reticencias iniciais perante o (suposto) aportuguesamento da lingua da Galiza que os falantes de castelán. Porén, é frecuente que após reflexionaren co grupo muden a súa opinión ao respecto: "Exemplo desta volta ó galego máis puro é o uso das feiras para denominar os días da semana, uso que os nosos maiores seguen facendo mais que a xente nova descoñece". Así o explica un estudante do itinerario de linguas:

> A norma galega (como todas as normas) é artificial. No noso caso, as palabras "portuguesas" son necesarias para recuperarmos formas xa desaparecidas por mor das castelás. E, con todo, estas formas portuguesas son sempre atopadas na Galiza nun ambiente natural. Os días da semana por feiras aínda se senten na Galiza nas persoas idosas. E o mesmo con outras formas como os infitivos conxugados e léxico. O que acontece é que existe unha grande desconexión coa lingua "máis pura" nas novas xeracións. Estamos inmersos nun proceso de castelanización moi profundo que está a mudar o galego nun dialecto castelán. Ao final o galego ficaría como un castelán rematado en *-iño/a*. Cómpre moito traballo para que a cidadanía acepte a norma como ponto de partida.

B4. Entre o estudantado que non adoita falar galego, a actitude negativa que máis se menciona –porque a identifican en si propias/os ou no espazo social– é, máis unha vez, a relacionada co sotaque. Segundo este preconcepto, un dos trazos que máis pode desprestixiar a oralidade da lingua española é o acento galego:

> Miña nai, nada no Bierzo, fala maioritamente en español, aínda que falan un galego similar ao dos Ancares lucenses no seu ámbito familiar. A pesares diso, ela non quería que se me notase moito o acento galego no español. É unha mala nai? Eu penso que non, posto que sempre busca o mellor para nós (para meu irmán e para min), mais o problema non é dela, senón dos prexuízos aceptados e asimilados que recibiu ao longo da súa vida.

Pódese deducir que esta prevención á manifestación da entoación ou da fonética galegas non desaparece cando falan na lingua propia da Galiza, con máis razón se este modelo oral é marcado negativamente nos medios de comunicación.

B5. Na inmensa maioría do alumnado hai unha predisposición a asociar a lingua galega coas tradicións, co pasado e co local. Así, cando se lles pide que deseñen un contexto inmersivo nese idioma costuman pensar en actividades relacionadas cos avós, os oficios desaparecidos, a gastronomía máis tradicional ou as festas populares. Con todo, cando se lles revela esta asociación automática e a consecuente ausencia de aspectos relacionados coa modernidade, a tecnoloxía ou a globalización, móstranse macizamente favorábeis á desactivación dese mecanismo restritivo inconsciente.

B6. Embora se teña asumido o discurso da defensa do galego, unha porcentaxe próxima do 12% das persoas mencionan nalgún momento a posibilidade de que o uso desta lingua pode colocar algún tipo de límite –comercial, de impacto das publicacións etc.

> Se non me equivoco, na actualidade os universitarios galegos están a recibir pequenas subvencións cando entregan os proxectos fin de carreira en galego. A cuestión é que os proxectos do ámbito científico poderían gozar de maior difusión se foran redactados en inglés. Aínda que a intención do sistema educativo é boa, como efecto colateral estaría a limitar o colectivo ó que vai dirixido, isto pode mesmo pode supoñer unha desvantaxe para o alumno nun futuro en canto a saída profesional. Credes que se trata dun caso de sobreproteccionismo?

Como consecuencia deste preconcepto, nas intervencións é habitual o relato de sobreactuacións preventivas desnecesarias, como a que se recolle neste comentario:

> Na Facultade de Inef, a meirande parte do alumnado pertence a lugares fóra da Galiza e, algunhas das materias que se imparten na carreira, fanse en galego. Isto supuxo tema de discusión os primeiros días nas conversas na cafetería entre o alumnado. Curiosamente, non estaban dacordo en que se desen as clases en galego os propios galegos e, a xente de fóra, estaba encantada de aprender unha lingua nova.

B7. Até en 64 ocasións se afirma que o discurso repetido de que o galego dá acceso ás diversas variedades do portugués é retórico e non se corresponde coa práctica social, moi condicionada por unha lusofobia aínda fortemente instalada. Así o explicaba un portugués que cursou a educación secundaria na Galiza:

> Persoalmente, coma falante de portugués, sorprendeume moitísimo que sendo dúas linguas tan semellantes, unha vez aquí, conseguira máis éxito comunicativo co castelán que co portugués.

Neste sentido, coméntase que a práctica da Televisión de Galiza é contraditoria con calquera vontade real de trazar pontes lingüísticas co mundo lusófono: "[S]orprendeume que na TVG se traduciran as palabras da nova gobernadora brasileira con subtítulos, como se non se entendera […] Non sei porqué ese afastamento do portugués e do brasileiro. Cando falan en México ou Arxentina non vexo subtítulo ningún".

B8. O modelo fonético condiciona a vinculación automática do uso da lingua galega a dúas categorías opostas de individuos: se a oralidade parece patrimonial, é 'de monte'; se a oralidade está castelanizada, nacionalista. O argumento secundario que se deriva desa identificación é que o nacionalismo galego é urbano e non está arraigado entre o pobo que mantén formas de vida máis tradicionais vinculadas ao sector primario. O termo 'ben vestida' deste comentario, aplicado á lingua, tamén pode ser vinculado a unha fonética non patrimonial: "É triste que se falas galego na cidade e estás ben vestida (non quero ferir sensibilidades pera a realidade é esta) xa pensan automáticamente que es nacionalista, Se o falas con seseo e gheada es un aldeán". A medida que a discusión avanza, o grupo vai negando a validez desa categorización, mais conveñen en que é un prexuízo fortemente instalado na sociedade galega –incluído o sistema educativo.

B9. Quen non viviu nun ambiente escolar galegofalante entende que a lingua galega non propicia a integración dun/dunha adolescente nun grupo de iguais, de maneira que pensa que resulta case heroico manter nestes contextos un monolingüismo no idioma propio da Galiza. En relación con esta dificultade para dar o paso de vivir en galego, varias intervencións apuntan para a falta de liberdade real de escolla:

> Normalmente, os galegos saben que o seu idioma foi agochado e que agora poden usalo libremente. Sí, libremente, aínda que prosiguen os cambios de rexistro e os "status" diferenciadores. Que liberdade é esta gañada en diferencia as imposicións directas de anos pasados? Agora é todo máis políticamente correcto, quizais un pouco tapado, pero a imposición subliminal segue latente.

B10. Até un 26% admite que nalgún momento considerou que o galego estaba a ser imposto e só 11 destas persoas –o 0,86% do total– expresaron que continuaban a pensar así despois de ter participado na discusión. Temos unha situación moi parecida en relación coa suposta descortesía que supón responder en galego unha pregunta formulada en castelán: é unha opinión expresada inicialmente por un 22%, mais unicamente un 1,09% continúa a pensar así despois de ter tratado grupalmente o tema. Mesmo considerando a posíbel incidencia do desexo de non contradicir a opinión maioritaria da turma, pódese concluír que, estando presente nas persoas que aspiran a traballar como docentes no ensino secundario galego, é un prexuízo fácil de desmontar.

B11. Todos os cursos hai máis dun comentario de persoas que, despois de coñecer a realidade lingüística de Cataluña –nalgún caso, de Euskadi–, mudaron para peor a súa opinión sobre o modelo de planificación vixente na Galiza. Eis un exemplo: "Vivir un ano nesa comunidade cambiou a miña maneira de ver as cousas, sobre todo no que respecta á lingua galega; decateime de que aquí o galego segue sendo unha asignatura pendente na nosa conciencia lingüística".

B12. Algunhas das persoas que tiveran xa experiencias docentes describiron contextos educativos en que prevalecen os prexuízos asociados á lingua galega:

> Seguindo con dito tema, algo semellante ocorreume a min. O ano pasado logo de ter realizada unha entrevista de traballo nun colexio concertado desta cidade vou asinar o contrato e a persoa que me atende (un dos altos cargos do colexio) sóltame o seguinte: "veo que hablas gallego, igual deberías dirigirte a los niños en castellano", eu fiquei abraiado e pregunteille a razón, recibindo unha contestación similar a que comenta a compañeira […] "es que claro, aquí todos les hablamos castellano entonces igual tienes algún problema. No te lo digo por los niños, sino por los padres". A miña contestación foi clara: "non se preocupe, hei facer o posíbel por facerme entender".
>
> O primeiro día que estou cos 28 rapaces (todos de primeiro de primaria) decátome de que ningún fala galego e unha gran parte nin sequera o entendía. Como anécdota comentarvos que eu comecei a falar galego e o único rapaz negro do grupo (o cal é adoptado) púxose a traducirlle a dous compañeiros nados n'A Coruña.

Como no exemplo citado, son maioría os que identifican as asociacións limitadoras e son quen de desactivar o mecanismo da premonición autocumprida que envolven eses comportamentos. No debate escrito sobre estas actitudes, os comentarios do resto do grupo de discusión coinciden esmagadoramente na denuncia destes comportamentos por non responderen a criterios pedagóxicos contrastados.

B13. De inicio, nos grupos de discusión dos oito cursos ninguén comentou ter considerado o incumprimento das disposicións en materia lingüística que viviran no seu percurso educativo como unha agresión aos dereitos do alumnado ou unha violación da lei. No entanto, a medida que avanzaba o diálogo e puñan esa desobediencia en relación con outros dereitos non lingüísticos ían percatándose da gravidade do sucedido e denunciaban a falta de ética das/dos docentes e da propia inspección educativa polo desleixo nas súas funcións. Neste sentido, é fácil ler comentarios punxentes á volta do fracaso da escola galega en materia de lingua: "O sistema educativo non funciona. Este debería de ser máis forte para compensar o déficit de interese social polo idioma e inculcar aos nenos os beneficios de coidar a nosa lingua". E non só en relación coa lingua propia: "Agora, coa ensinanza que temos, moitos nenos saen da escola sin saber falar galego, nin inglés…"

B14. En relación co punto anterior, cando o alumnado da materia coñeceu os resultados das enquisas do Instituto Galego de Estatística correspondentes ao ano 2018 que informaban que un 24% do alumnado menor de quince anos non sabe falar galego, admitían que o dato non lles sorprendía en absoluto pois se correspondía coa súa percepción.

B15. En todos os cursos hai varias intervencións que sinalan que antes de realizaren o mestrado consideraban que a asignación dun 33% das materias a cada lingua –galego, castelán, inglés– era unha medida correcta e non advertían a falta de equidade real desta distribución nin a necesidade de planificar alén das horas de docencia nas salas de aula.

B16. A análise grupal dos pormenores do decreto 79/2010 leva o groso das persoas participantes na discusión a considerar que este non responde a unha vontade real de planificar a adquisición e o uso das linguas no ensino. Nunca se formulou unha pregunta directa sobre esta cuestión, mais en ningún curso baixou de 35 o número de comentarios en que se descualificaba o marco legal en vigor en materia de xestión da diversidade lingüística no ensino galego. En oito cursos unicamente houbo tres intervencións que defendesen este decreto e en todas elas advírtese a motivación: a resistencia a criticar unha actuación do Partido Popular.

B17. Foron identificadas 39 intervencións de persoas que consideraban que a perspectiva xeral para o galego era boa: "Dinme conta que sobre todo os galegos da nosa xeración están a mudar a situación. Con isto non quero dicir que o traballo está feito, pero que sí hai máis xente que se da conta da situación tan precaria do galego, aínda que teñen o Español como L1". En sentido contrario, contáronse 63 comentarios negativos en relación ao futuro da lingua propia da Galiza. Valla este como exemplo: "A xente non pensa que o galego sexa valioso e dalle igual que desapareza".

Valoración dos resultados

A análise cualitativa da información recollida nos grupos de discusión revela que entre as persoas que aspiran a traballar na Galiza como docentes no ensino secundario obrigatorio e postobrigatorio están instaladas certas inercias moi contraproducentes para a circulación normalizada da lingua galega, incluíndo nalgún caso comportamentos flagrantemente contrarios á lei que non reciben ningún tipo de contestación. Poden localizarse moitos exemplos de experiencias discentes en que o galego é tratado peor que unha lingua estranxeira, xa que é encarado como unha lingua morta: esquecemento dos niveis fonético e prosódico; desconsideración das variedades xeográficas; reducións léxica e morfosintáctica que ignora os sinónimos, as posibilidades expresivas da colocación pronominal ou a flexión do infinitivo; usos litúrxicos etc.

Aínda que existe un coñecemento básico sobre a situación diglósica e as consecuencias da aplicación de certas ideas reducionistas sobre a lingua galega, constátase a continuidade de vellos prexuízos relacionados coa falta de utilidade do idioma propio da Galiza ou cos límites que coloca a quen o fala. Tamén se consolidan novos preconceptos como a desconexión a respecto da lingua patrimonial ou a arbitrariedade e a mutabilidade da norma supradialectal. Por outro lado, o estándar oral empregado polos medios de comunicación, as autoridades políticas e algúns docentes –fortemente castelanizado a nivel fonético– leva a asociar o chamado 'galego normativo' cunha lingua afastada dos usos orais tradicionais, fortalecendo así os prexuízos vinculados ao acento patrimonial.

No xeral, o contexto lingüístico que coñeceron nos centros educativos en que cursaron a secundaria e na universidade responde a un modelo de bilingüismo subtractivo (Lambert, 1977), que non garante a adquisición dunha competencia equivalente nas dúas linguas oficiais –en detrimento sempre do galego–, que ignora os efectos cognitivos positivos do bilingüismo aditivo e que consolida as desigualdades de acceso a recursos por criterios lingüísticos. Con todo, advírtese unha rápida disposición do groso das persoas participantes a se envolveren nos centros educativos nunha planificación lingüística diferente, sempre que esta sexa partillada pola comunidade, responda a un desexo real de atinxir unha mudanza positiva e non lles supoña un comportamento heroico fóra das súas posibilidades. Neste sentido, evidénciase a necesidade dunha política lingüística xeral, coherente, rigorosa e que teña como obxectivo a mudanza factual da situación de partida. Cunha xestión morna e "de baixa intensidade" (Lorenzo 2005) –consecuentemente, falaz– é previsíbel que as profesoras e os profesores de secundaria que se incorporen ao sistema educativo galego reproduzan os modelos viciados que coñeceron durante a súa formación.

Referencias bibliográficas

Araujo, Laureano (2016). "¿En castellano también vale?", *Praza Pública*, 23.11.2016. Dispoñíbel en https://praza.gal/opinion/lien-castellano-tambien-valer

Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, *DOG* 97, de 25 de maio de 2010. Dispoñíbel en https://www.edu.xunta.gal/portal/node/939

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2014). "A lingua tiveran por lingua d'escravos. O autoodio como concepto sociolingüístico", *Estudos de lingüística galega*, *6*, 117-137.

Lambert, Wallace (1977). "The effects of bilingualism on the individual: cognitive and cultural consequences". En Horby, Peter (ed.), *Bilingualism: Psycological, Social and Educational Implications*, 15-28. New York: Academic Press.

Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística, *DOG* 84, de 14 de xullo de 1983. Dispoñíbel en https://www.lingua.gal/c/portal/layout?p_l_id=1639632&content=lexislacion_0018.html

Lorenzo, Anxo (2005). "Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego", *Cadernos de lingua, 27*, 37-59.